



RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Resolución nomeamento funcionario Diego Rodríguez Porto

EXPEDIENTE: 2022/G003/000034

Considerando as Resolucions da Alcaldía nº 588/2021, de 11 de xuño de 2021, e a súa corrección de erros aprobada pola Resolución da Alcaldía nº 792/2021, de 7 de xullo de 2021, polas que se aproban as bases e a convocatoria que regulan o proceso selectivo para a provisión, polo sistema de promoción interna, dunha (1) praza de técnico/a de xestión económica e tesouraría, funcionario/a de carreira, correspondente á Oferta de emprego público de 2019.

Sendo que con data 8 de xaneiro de 2022 o tribunal cualificador realizou a proposta de nomeamento do aspirante Diego Rodríguez Porto por ser a persoa que superou o proceso selectivo.

Visto que a Resolución da Alcaldía nº 27/2022, de data 13 de xaneiro de 2022, requiriulle ao candidato proposto a documentación establecida nas bases que rexen a convocatoria.

Vista a documentación presentada por Diego Rodríguez Porto o día 13 de xaneiro de 2022, con Rexistro de Entrada nº 151.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como funcionario de carreira, pola quenda de promoción interna, a Diego Rodríguez Porto, con DNI nº *****749S, para prover unha (1) praza de técnico de xestión económica e tesouraría.



Segundo.- Notificar a presente resolución ao aspirante nomeado, comunicándolle que deberá tomar posesión e incorporarse no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento, de conformidade co artigo 60.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Terceiro.- Dar traslado desta Resolución á Intervención Municipal e ao Departamento de Recursos Humanos.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web municipal: <https://www.teo.gal> , no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado na data que figura na marxe

O alcalde

Rafael Carlos Sisto Edreira

A secretaria accidental, que dou fe

María Elena Sueiro Fernández